

DECRETO NÚMERO \$

Ilma. Sra. D.^a Ana Prieto Nieto, Tenenta Alcalde Delegada da Área De Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico

Instruído expediente relativo á: **OBRADOIRO DE EMPREGO "TIC ARQUEOLÓXICO"**, e tendo en conta o informe da Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local de data 4 de xullo de 2017 co seguinte teor literal:

INFORME PROPOSTA PARA A APROBACIÓN, INICIO E EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TIC ARQUEOLÓXICO".

Dende a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local solicitouse unha subvención ao abeiro da Orde do 8 de FEBRERO de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas desempregadas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2017); Expediente Xunta n TR353A.

O obxecto do proxecto consiste en desenvolver un programa de posta en valor, comunicación e divulgación, de tódolos fondos xa dixitalizados, catalogados e arquivados polos anteriores Obradoiros de Emprego financiados pola Xunta de Galicia, e que constitúen documentos e bens patrimoniais de alto valor histórico, e centrado na difusión cultural e posta a disposición destes á sociedade en xeral.

Consellería de Economía, Emprego e Industria, comunicou o día 02 de agosto de 2016 a elevación da proposta favorable de resolución da Comisión Central de Valoración, para a de concesión de subvención do obradoiro de emprego "TIC ARQUEOLÓXICO", **para un total de 16 alumnos- traballadores, durante 9 meses.**

A Consellería de Traballo e Benestar, para a execución do Obradoiro de Emprego "TIC ARQUEOLÓXICO", outorga unha subvención de 223.967,20 €, que cubre a totalidade dos custos do devandito obradoiro.

A modo de resumo o Obradoiro de Emprego "TIC ARQUEOLÓXICO", queda configurado para 16 alumnos/as, repartidos nos seguintes Módulos (ambos con Certificado de Profesionalidade Nivel 3):

- IMST0109- MÓDULO DE PRODUCCIÓN FOTOGRÁFICA, para 8 alumnos/as
- SSCB110 – MÓDULO DE DINAMIZACIÓN, PROGRAMACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CULTURAIS, para 8 alumnos/as.

O Obradoiro de Emprego terá unha duración de 9 meses e desenvolverase nunha única fase. **O prazo previsto para dar inicio ás actuacións é o 29 de setembro de 2017 ata o 28 de xuño de 2018.** Este proxecto é subvencionado ao 100% pola Consellería de Traballo e Benestar polo importe total de 223967.20 €, distribuídos do seguinte xeito, de acordo a referida Orde de convocatoria , e o calculo dos custos estimados, realizado polo Servizo de Persoal:

DESENVOLVEMENTO LOCAL

IVC

Refª: DECRETO APROBACIÓN INICIO EXECUCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO TIC ARQUEOLÓXICO.doc

Asunto: OBRADOIRO EMPREGO EMPREGATIC

A.- Custos de persoal de dirección, administrativo e docente: 77.184,00€.

B.- Custos de funcionamento, xestión e adquisición de materiais: 21.196,80€.

C.- Custos de contratación das 16 persoas desempregadas: 125.586,40€

Visto informe da Axencia de Emprego e desenvolvemento Local de data 28 de xullo de 2017 no que se propón a a Xunta de Goberno Local adopte o acordo de Delegar na Tenente Alcalde da Area de Economía, Emprego e Promoción Económica a competencia para aceptar a subvención otorgada, e demais trámites inherentes a mesma, para o Obradoiro de Emprego "TIC ARQUEOLÓXICO"

Visto acordo 8/490 de Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2017, polo que se Delega na Tenente Alcalde da Area de Economía, Emprego e Promoción Económica a competencia para aceptar a subvención otorgada, e demais trámites inherentes a mesma, para o Obradoiro de Emprego "TIC ARQUEOLÓXICO".

Dende a Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, proponse:

PRIMEIRO: A aceptación da subvención para a execución do Obradoiro de Emprego " TIC ARQUEOLÓXICO" por importe de 223.967.20 €

SEGUNDO: En relación coa designación das persoas por parte do Concello de Lugo para a constitución do Grupo de Traballo Mixto para a selección dos alumnos/as-traballadores/as, director/a, docentes, de acordo ca Orde de convocatoria, atendendo a natureza do obradoiro e aos criterios seguidos para a súa solicitude, propóñense para que formen parte do mesmo os seguintes traballadores municipais:

- Enrique González Fernández, Técnico do Servicio de Arqueoloxía, e no caso de ausencia do mesmo, asumirá as súas funcións como suplente, a responsable do departamento de arqueoloxía, Covadonga Carreño Gascón

- Norman Javier Veiga Alvarez, Técnico de Asesoramento a Emprendedores, adscrito ao Departamento de Desenvolvemento Local, e no caso de ausencia do mesmo, asumirá as súas funcións como suplente, Paula Antonia Gamazo Médina, Axente de Desenvolvemento Local

TERCERO: A aprobación das bases para a provisión de persoal do obradoiro de emprego "TIC ARQUEOLÓXICO" e que se xuntan a este expediente

É canto procede informar, "

Por todo o anteriormente exposto, e en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o Decreto número 15000652, do 2 de febreiro de 2015, que modifica o Decreto número 13008312, do 30 de agosto de 2013; do Libro de resolucións da Área de Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, proponse a adopción das seguintes resolucións:

RESOLVO:

PRIMEIRO: A aceptación da subvención para a execución do Obradoiro de Emprego " TIC ARQUEOLÓXICO" por importe de 223.967.20 €

DESENVOLVEMENTO LOCAL

IVC/njva

Refª: DECRETO APROBACIÓN INICIO EXECUCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO TIC ARQUEOLÓXICO.doc

Asunto: OBRADOIRO EMPREGO "TIC ARQUEOLÓXICO"

SEGUNDO: En relación coa designación das persoas por parte do Concello de Lugo para a constitución do Grupo de Traballo Mixto para a selección dos alumnos/as-traballadores/as, director/a, docentes, de acordo ca Orde de convocatoria, atendendo a natureza do obradoiro e aos criterios seguidos para a súa solicitude, propóñense para que formen parte do mesmo os seguintes traballadores municipais:

- Enrique González Fernández, Técnico do Servicio de Arqueoloxía, e no caso de ausencia do mesmo, asumirá as súas funcións como suplente, a responsable do departamento de arqueoloxía, Covadonga Carreño Gascón
- Norman Javier Veiga Alvarez, Técnico de Asesoramento a Emprendedores, adscrito ao Departamento de Desenvolvemento Local, e no caso de ausencia do mesmo, asumirá as súas funcións como suplente, Paula Antonia Gamazo Médina, Axente de Desenvolvemento Local

TERCERO: A aprobación das bases para a provisión de persoal do obradoiro de emprego "TIC ARQUEOLÓXICO" e que se xuntan de seguido,

Cúmprase